

ALCARRÁS

Calra Simón, 2022

924

ESTREA EN NUMAX: 29.04.2022 | V.O.S.E. | +12

Como cada verán, en Alcarrás, unha pequena localidade rural de Cataluña, a familia cultiva unha gran extensión de pexegueiros. Despois de oitenta anos cultivando a mesma terra, a familia Solé reúne para realizar xuntos a súa última colleita.

«Un milagre de claridade, de tesón, de compromiso, de simple e elemental beleza. É cinema que nos fai mellores»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Carla Simón: «O cinema que me toca captura anaquiños de vida»

Por Esther Vera

Alcarràs é unha ficción pero, ás veces, parece un documental. Si, esa é a idea. Gústame a sensación cando ves un filme no que parece que as cousas pasan diante da cámara por azar cando, en realidade, nada é casual, todo require moito traballo e preparación. O cinema que a min me chega e me toca captura anaquiños de vida.

Os actores son non profesionais, falan ao seu xeito, pero actúan para explicar a súa vida. Os membros desta familia non se coñecían entre eles e, para crear estas relacións, houbo moito traballo. No cásting eles estaban escollidos un pouco en función tamén de quen son. Ou sexa, da súa personalidade, da súa configuración familiar, da súa vinculación real coa terra, que fosen labradores, que tivesen esta pel e estas mans, que soubesen moverse polo campo, e tamén que falasen este catalán específico de Lleida, que sentía un desexo moi forte de retratar.

Deste traballo tan meticuloso que foi o máis complexo, o cásting? É un proceso moi longo pero é que máis gozo. Aluguei unha casa en L'Horta de Lleida, non entre pexegueiros senón entre pereiras. Chamabámoslle a casa verde porque era verde e os actores viñan cada tarde e as fins de semana a ensaiar para crear esta familia. Un día viña o avó e a neta, ou os irmáns ou os curmáns... E aos poucos iamos creando estas relacións a partir das improvisacións que eu preparaba e que podían ter pasado antes ou durante o explica o propio filme. Os tres meses culminaron un día que fixemos unha caste de xantar familiar, non comimos caracois como no filme senón que fixemos unha comida á grella. Alí vin que realmente pasaban cousas xa de dinámica familiar de verdade.

Alcarràs explica o afundimento dun mundo rural que, seguramente estea a virse abaixo en medio mundo. Si, recuerdo moito a proxección na Berlinale, que era a primeira vez que viamos a película con xente e decátaste de como se senten. Durante a proxección eu só estaba pendente de como se sentía a sala e sorprendeume que nun escenario tan internacional se emocionasen e risen nos momentos que nós agardabamos. Ao final, penso que todo o mundo sabe o que é ter unha familia e en todos os países hai unha agricultura con este modelo que está, en xeral, en crise. Síntome afortunada de sentir que a sensibilidade que teño á hora de explicar as cousas conecta coa xente. Seguro que hai xente que non entra, evidentemente, pero sentir que fas o que sentes e da maneira que o sentes e despois chegar á xente é unha sorte.

O pobo de Alcarràs vese pouco. Por que o título? Os meus tíos cultivan pexegos en Alcarràs, é o pobo da miña nai e onde vive a miña familia. Rodamos na zona do Segrià, do Pla d'Urgell e o cásting tamén o fixemos por toda aquela zona. Pero para min Alcarràs ten algo na sonoridade que representa moi ben o filme. Ten algo moi contundente, moi de arraigo na terra, de como soa. Gustábanos moito.

O filme é tan realista que no momento que os nenos bailan fano en castelán. Si, isto pasa non? Eu facíao moito de pequena e aos nenos cos que fixemos o filme tamén lles pasaba. Eu creo que iso tamén se ten que integrar. Ou sexa, como retrato realista que o filme quere ser se hai un temporeiro e se fala en castelán tamén ten que pode saír na película.

Publicado en <https://es.ara.cat>



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Estiu 1992
Carla Simón.
Avalon [BD-DVD]